

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11935 *Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A estratexia de política económica do Goberno elaborouse partindo dunha análise das dificultades e fortalezas con que conta a economía española e reflicte as liñas estratéxicas prioritarias da acción do Goberno para favorecer a recuperación económica e a creación de emprego.

Estas liñas céntranse na consolidación fiscal, na reforma do sistema financeiro e nas reformas estruturais necesarias para mellorar a flexibilidade e a competitividade da economía española.

No ámbito da consolidación fiscal, o Goberno está desenvolvendo unha mellora da gobernanza económica por medio dun mellor control e dunha maior disciplina orzamentaria, sobre a base da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e do compromiso de todas as administracións públicas no estrito cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

As autoridades fiscais demostraron ser un elemento clave para os gobernos á hora de deseñar, implementar e avaliar as políticas fiscais, sobre todo no actual escenario de crise financeira, onde resulta imprescindible realizar un control exhaustivo e rigoroso do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública, así como da regra de gasto.

Ben que as autoridades fiscais existían xa desde hai algún tempo nalgúns países da nosa contorna, nos últimos anos apréciase unha clara tendencia á creación deste tipo de entidades, tendencia que se reforza co impulso normativo europeo nesta materia.

Con esta lei orgánica refórzase o compromiso de lograr un control eficaz do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto mediante a introdución de novos mecanismos de supervisión e transparencia nas políticas fiscais das distintas administracións públicas. Ademais, dáse cumprimento ao previsto na Directiva 2011/85/EU do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros, en canto á necesidade de contar con institucións fiscais independentes que realicen o exercicio dun seguimento efectivo do cumprimento das regras fiscais, baseado en análises fiables e independentes realizadas por órganos con autonomía funcional respecto das autoridades orzamentarias dos Estados membros.

O seu carácter orgánico xustifícase no desenvolvemento do principio de estabilidade orzamentaria consagrado no artigo 135 da Constitución española. Neste sentido, o constituínte permite a posibilidade de regular mediante lei orgánica aqueles aspectos que afecten o cumprimento polas administracións públicas dos principios contidos no dito artigo; por tanto, a presente lei orgánica é complementaria da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por todo isto, créase a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que velará polo estrito cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e

sustentabilidade financeira mediante a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público, e a análise das previsións económicas. Con ese fin, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal valorará as previsións macroeconómicas que se incorporen aos proxectos de orzamentos e escenarios a medio prazo e analizará a implementación e a execución das políticas fiscais, coa finalidade de detectar de forma temperá as posibles desviacións nos obxectivos perseguidos. Ademais, poderá formular, cando considere, as opinións que xulgue oportunas sobre os asuntos previstos nesta ou noutras leis.

Para garantir a independencia e efectividade das súas actuacións, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberá contar cos medios materiais e humanos necesarios, e con profesionais cualificados e acreditados con experiencia necesaria para realizaren as especiais tarefas encomendadas.

A presente lei orgánica consta de vinte e sete artigos, estruturados en tres capítulos, dúas disposicións adicionais e seis disposicións derradeiras.

O capítulo I, «Natureza e réxime xurídico», procede á creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal como ente de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, cuxo obxecto é a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público, e a análise das previsións económicas.

A este respecto, cabe sinalar que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal se configura como un ente de natureza especial e singular, distinto dos mencionados na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e que é común na súa actuación a todas as administracións públicas.

Así mesmo, entre outros aspectos, neste capítulo regúlanse tamén o ámbito de aplicación subxectivo da lei orgánica; as facultades recoñecidas á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, entre as cales destaca a súa capacidade de cooperar con outras autoridades fiscais independentes doutros Estados, por exemplo, a través da participación en grupos de traballo; o seu réxime xurídico, así como os efectos dos informes e opinións emitidos por esta. Neste sentido, é importante destacar que o efecto destes informes é moi relevante xa que se a Administración ou entidade destinataria deles non atende as súas recomendacións deberá necesariamente motivalo e incorporar o dito informe no correspondente expediente.

Ao mesmo tempo, a lei recoñece outra capacidade da Autoridade, e é a posibilidade de emitir, en calquera momento, opinións por iniciativa propia sobre as materias previstas na lei. Neste caso, a Administración ou entidade destinataria delas non estará obrigada a motivar por qué se aparta, se for o caso, do criterio dado pola Autoridade na súa opinión emitida.

O capítulo II, «Informes e opinións», recolle os informes preceptivos que debe realizar a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, entre os que se encontran o informe sobre as previsións económicas realizadas polo Goberno da Nación, o informe sobre o Programa de estabilidade realizado no marco do Pacto de estabilidade e crecemento, un informe anual sobre a análise da execución orzamentaria, a débeda pública e a regra de gasto, e o informe previo á aprobación dos plans económico-financeiros. Así mesmo, recolle a posibilidade de que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal informe sobre a conveniencia de activar as medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas no capítulo IV da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da citada lei orgánica e sobre a sustentabilidade das finanzas públicas a longo prazo ou calquera outro asunto cando así o dispoña unha lei.

O capítulo III, «Organización e funcionamento», regula a composición e organización da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o nomeamento e causas de cesamento do seu presidente, que ten a consideración de alto cargo e, por tanto, está sometido ás obrigacións de rendición de contas e transparencia que a lexislación determine e, en particular, á Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración

xeral do Estado. Neste sentido, establécese un modelo unipersoal apoiado por un comité directivo ao cal poderán asistir expertos de recoñecido prestixio por solicitude do seu presidente. Igualmente, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal organízase en divisións por razón de materia.

A disposición adicional primeira configura o Comité Técnico de Contas Nacionais, conformado polo Instituto Nacional de Estatística, o Banco de España e a Intervención Xeral do Estado, como órganos competentes na elaboración das contas nacionais das unidades que compoñen o sector das administracións públicas e das sociedades financeiras e non financeiras públicas.

Neste sentido, prevese que o citado comité poida efectuar actuacións de verificación e contraste da información subministrada desde as comunidades autónomas e as corporacións locais, aspecto recomendado polos órganos europeos competentes en materia de contabilidade nacional. Así mesmo, o citado grupo facilitará os seus informes á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Por outro lado, a disposición adicional segunda crea a taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal, e regula os seus principais elementos. A citada taxa será a principal fonte de financiamento da Autoridade, polo que se favorece deste modo a súa independencia. Por último, con respecto ás disposicións derradeiras, cabe destacar o prazo dado ao Consello de Ministros para aprobar o estatuto orgánico da entidade, a habilitación ao Goberno e ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para adoptaren as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei orgánica, e a entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 1. *Creación e natureza da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

Créase a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal como ente de dereito público dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que exerce as súas funcións con autonomía e independencia funcional respecto das administracións públicas.

Artigo 2. *Fins.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal ten por obxecto garantir o cumprimento efectivo polas administracións públicas do principio de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 135 da Constitución española, mediante a avaliación continua do ciclo orzamentario, do endebedamento público, e a análise das previsións económicas.

Artigo 3. *Ámbito subxectivo.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal exercerá as súas funcións en todo o territorio español de forma única e exclusiva e con respecto a todos os suxeitos integrantes do sector público nos termos previstos no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 4. *Facultades.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal exercerá as súas funcións a través de informes, opinións e estudos, nos termos dispostos nesta lei.

2. Para tal efecto, terá á súa disposición a información económico-financeira relativa ás distintas administracións públicas. Co fin de garantir a eficiencia e evitar duplicidades na remisión de información, o acceso á información realizarase preferentemente a través

do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo de que se poida requirir directamente información adicional ás correspondentes administracións públicas, en concreto cando a información obtida a través do ministerio non resulte suficiente, completa ou requira dalgunha aclaración.

Mediante orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, determinaranse os datos e documentos e procedementos de remisión, incluídos os telemáticos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá con carácter permanente á disposición da mencionada Autoridade. O anterior entenderase con independencia das necesidades de información adicional que requira a Autoridade para o correcto exercicio das súas funcións e que non estea explicitamente prevista na citada orde.

3. Os suxeitos incluídos no ámbito desta lei estarán obrigados a facilitar a información económico-financeira requirida pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal que sexa necesaria para o desempeño das súas funcións, dentro do prazo que esta sinala para o efecto. Na determinación do dito prazo deberanse ter en conta o volume e a complexidade da información requirida.

En caso de se producir o incumprimento do deber de colaboración, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal incluírá na súa páxina web unha advertencia pública da dita circunstancia.

De conformidade co disposto no artigo 27.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o incumprimento grave ou reiterado do deber de colaboración coa Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá, logo de audiencia do suxeito incumplidor, comportar a imposición das medidas previstas no artigo 20 da citada lei orgánica.

Corresponde ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal apreciar se se trata dun incumprimento grave ou reiterado, caso en que o comunicará ao Goberno da Nación, para os efectos previstos no mencionado artigo 27.6, e ás Cortes Xerais.

4. En todo caso, a información que reciba a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberá ser tratada respectando os límites que rexen o acceso á información confidencial.

5. As funcións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal previstas neste artigo exerceranse sen prexuízo das que a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, recoñece ao Consello de Política Fiscal e Financeira.

Artigo 5. *Elaboración de informes, opinións e estudos.*

1. Os informes emitidos pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal serán os previstos nesta lei. Se a Administración ou a entidade destinataria do informe se aparta das recomendacións contidas nel, deberá motivalo e incorporar o dito informe no correspondente expediente. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá trasladar unha proposta de informe para que, no prazo que determine e sempre dentro dos prazos totais previstos para a emisión dos informes, a Administración ou a entidade destinataria poida indicar erros, ambigüidades ou imprecisións manifestas.

Os informes poderán ser emitidos de oficio pola propia Autoridade, na data determinada para o efecto nesta lei, ou por solicitude dunha Administración pública, no prazo de dez días desde a súa petición. Este prazo poderase reducir aos días que se indiquen na petición sempre que se xustifiquen as razóns de urxencia.

2. As opinións formularanse por iniciativa propia da Autoridade sobre as materias previstas no artigo 23. A Administración ou entidade destinataria da opinión pódese apartar do criterio contido nela sen necesidade de motivación.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal realizará os estudos que o Goberno da Nación, o Consello de Política Fiscal e Financeira, a Comisión Nacional da Administración Local ou a Comisión Financeira da Seguridade Social lle soliciten.

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá realizar estudos que soliciten as comunidades autónomas e as entidades locais, que se deberán circunscribir ao seu ámbito competencial sen afectar competencias propias doutras administracións. En caso de resultaren afectadas competencias doutras administracións distintas da solicitante, a solicitude deberana realizar os órganos colexiados competentes a que se refire o parágrafo anterior.

4. Os informes e as opinións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal serán públicos e motivados, e estarán dispoñibles na súa web.

5. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará anualmente unha memoria de actividades á cal dará a máxima publicidade e difusión.

Artigo 6. *Relacións institucionais.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, en coordinación co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, colaborará coas institucións e organismos da Unión Europea, en especial coa Comisión Europea, no exercicio das funcións de avaliación das finanzas públicas. Tamén poderá cooperar coas autoridades fiscais independentes doutros Estados membros.

Artigo 7. *Independencia funcional.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal actuará, no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, con plena independencia orgánica e funcional.

Nin o seu presidente, nin os membros dos órganos nin o resto de persoal da Autoridade poderán solicitar ou aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

2. Sen prexuízo do anterior e para efectos puramente organizativos e orzamentarios, a Autoridade adscribese ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través do ministro de Facenda e Administracións Públicas. Esta adscripción en ningún caso afectará a súa autonomía e independencia funcional.

Artigo 8. *Réxime xurídico.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal rexerese polo disposto nesta lei, na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O Consello de Ministros aprobará mediante real decreto, logo de consulta ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, o estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que desenvolverá a súa organización e funcionamento internos.

Artigo 9. *Réxime xurídico do persoal.*

1. O persoal ao servizo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal será, con carácter xeral, funcionario de carreira das administracións públicas ou, se for o caso, persoal laboral procedente de organismos nacionais ou internacionais con funcións de control ou análise económica, fiscal, orzamentaria ou financeira.

2. A selección, formación, provisión de postos de traballo, mobilidade, retribucións e réxime disciplinario do seu persoal rexerese polo previsto nesta lei, polo Estatuto básico do empregado público e pola restante lexislación do Estado en materia de función pública.

En todo caso, a selección do persoal laboral a que se refire o número 1 deste artigo realizarase conforme criterios de publicidade, mérito e capacidade.

3. O currículum vitae de todo o persoal ao servizo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará publicado na súa web, incluído o do seu presidente e directores de división.

Artigo 10. *Réxime de contratación.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal axustará o seu réxime de contratación ao disposto na lexislación vixente sobre contratación do sector público e o seu presidente será o seu órgano de contratación.

Artigo 11. *Réxime económico-financeiro e patrimonial.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal disporá de patrimonio propio, que será independente do patrimonio da Administración xeral do Estado.

2. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal disporá, para o cumprimento dos seus fins, de recursos económicos e humanos suficientes. A súa vía fundamental de financiamento serán as taxas de supervisión que se determinen mediante lei e os prezos públicos por estudos, que deberán satisfacer as administracións públicas sobre as que exerce as súas funcións.

3. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal tamén contará cos seguintes bens e medios económicos:

- a) As asignacións que se establezan anualmente nos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, así como os produtos e rendas deste.
- c) Calquera outro que legalmente lle poida ser atribuído.

Artigo 12. *Orzamento, réxime de contabilidade e control económico e financeiro.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará e aprobará anualmente un anteproxecto de orzamento, cuxos créditos terán carácter limitativo, e remitirao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa posterior integración nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O réxime de variacións e de vinculación dos créditos do dito orzamento será o que se estableza no estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

3. Corresponde ao presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal aprobar os gastos e ordenar os pagamentos, salvo os casos reservados á competencia do Goberno, e efectuar a rendición de contas do organismo.

4. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal formulará e renderá as súas contas de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e as normas e principios de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade pública e nas súas normas de desenvolvemento.

5. Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica, a xestión económico-financeira da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará suxeita ao control da Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 13. *Recursos contra as actuacións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

1. Os actos e decisións dos órganos da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal distintos do presidente poderán ser obxecto de recurso administrativo conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En ningún caso poderán ser obxecto de recurso os informes que emita a Autoridade.

2. Os actos e resolucións do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal porán fin á vía administrativa e unicamente se poderá recorrer contra eles perante a xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO II

Informes e opinións

Artigo 14. *Informe sobre as previsións macroeconómicas.*

1. As previsións macroeconómicas que se incorporen nos proxectos de orzamentos de todas as administracións públicas ou no programa de estabilidade deberán contar con informe da Autoridade e indicarse se foron avaladas por ela.

2. Para tal efecto, as administracións públicas deberán solicitar previamente á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal a emisión do informe a que se refire o número 1 deste artigo, o cal terá en conta na elaboración das previsións definitivas a incorporar nos seus proxectos de orzamentos ou no programa de estabilidade.

3. Entre outros aspectos, os informes a que se refire este artigo deberán valorar a adecuación das previsións realizadas á Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

4. O informe incluírá unha avaliación de se existe unha desviación importante nas previsións macroeconómicas nun período de catro anos consecutivos, de acordo co artigo 4.6 da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros. Se o informe conclúe que existe a mencionada desviación, o Estado tomará as medidas necesarias para corríxila e fareaas públicas.

Artigo 15. *Informe sobre a metodoloxía para calcular as previsións tendenciais de ingresos e gastos, e a taxa de referencia de crecemento.*

As modificacións da orde ministerial que regula a metodoloxía utilizada para o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e para a taxa de referencia de crecemento a que aluden os artigos 12.3 e 21.1.b) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, deberán contar con informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal con carácter previo á súa aprobación.

Artigo 16. *Informe sobre o proxecto de programa de estabilidade.*

1. Antes do 15 de abril de cada ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá informe sobre o proxecto de programa de estabilidade, con especial valoración dos compromisos que garantan o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o límite de débeda pública e a regra de gasto.

2. Se houber cambios no obxectivo de estabilidade orzamentaria, no límite de débeda e na regra de gasto que afecten o programa de estabilidade, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal deberá emitir informe sobre eles.

Artigo 17. *Informes sobre a análise da execución orzamentaria, débeda pública e da regra de gasto.*

Antes do 15 de xullo de cada ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal informará, considerando a execución orzamentaria e as medidas previstas no ano en curso e no inmediato anterior, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública do exercicio en curso, así como da regra de gasto de todas as administracións públicas.

Artigo 18. *Informe sobre o establecemento dos obxectivos individuais para as comunidades autónomas.*

Nos dez días seguintes á aprobación polo Goberno dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal remitirá ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un informe sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para cada unha das comunidades autónomas para os efectos previstos no artigo 16 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 19. *Informe sobre os plans económico-financeiros e plans de reequilibrio da Administración central e das comunidades autónomas.*

Con carácter previo á súa aprobación, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal emitirá informe sobre os plans económico-financeiros e plans de reequilibrio da Administración central e das comunidades autónomas.

Artigo 20. *Informe dos proxectos e liñas fundamentais de orzamentos das administracións públicas.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elaborará antes do 15 de outubro de cada ano o informe a que se refire o artigo 17.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 21. *Informe sobre a aplicación dos mecanismos de corrección previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá informar sobre a conveniencia de activar as medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas no capítulo IV da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como sobre o seguimento das medidas adoptadas, especialmente por parte das administracións que exerzan a tutela financeira das entidades locais, con ocasión da publicación trimestral en termos de contabilidade nacional das operacións non financeiras do conxunto do sector das administracións públicas, por cada un dos seus subsectores e de cada comunidade autónoma, ou dos informes de seguimento dos plans económico-financeiros.

Artigo 22. *Informe sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal informará sobre a concorrencia das circunstancias excepcionais a que fai referencia o artigo 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, con carácter previo á tramitación parlamentaria prevista no dito artigo.

Artigo 23. *Opinións emitidas pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal poderá emitir opinións sobre os seguintes asuntos:

a) O seguimento da información sobre a execución orzamentaria facilitada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en aplicación do principio de transparencia da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade

orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto de todas as administracións públicas.

- b) A sustentabilidade das finanzas públicas a longo prazo.
- c) Sobre calquera outro asunto cando así o dispoña unha lei.

CAPÍTULO III

Organización e funcionamento

Artigo 24. *Presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal estará dirixida e representada por un presidente, que será designado entre persoas de recoñecido prestixio e experiencia mínima de dez anos de exercicio profesional en materia de análise orzamentaria, económica e financeira do sector público. Valorarase especialmente a súa independencia e obxectividade de criterio.

2. O presidente será nomeado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo da comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados, co fin de que examine se a experiencia, formación e capacidade da persoa proposta son adecuadas para o cargo.

O Congreso, a través da comisión competente e por acordo adoptado por maioría absoluta, aceptará a proposta. Se transcorridos quince días desde a comparecencia non houber aceptación, será suficiente a maioría simple da comisión competente do Senado para manifestar a aceptación.

3. O cargo de presidente é de dedicación exclusiva, está suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e é incompatible co exercicio de calquera actividade profesional pública ou privada, retribuída ou non, salvo que sexa inherente á súa condición de presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

4. O presidente asistirá como membro nato con voz pero sen voto ao Consello de Política Fiscal e Financeira, á Comisión Nacional da Administración Local e á Comisión Financeira da Seguridade Social.

5. Ao cesar no cargo e durante os dous anos posteriores non poderá exercer actividade profesional ningunha relacionada coa función de avaliación atribuída á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

6. O presidente permanecerá no cargo durante seis anos non renovables e só cesará polas seguintes causas:

- a) Por finalizar o período para o que foi nomeado.
- b) Por petición propia.
- c) Por estar incurso nalgunha causa de incompatibilidade.
- d) Por incapacidade sobrevida para o exercicio das súas funcións.
- e) Por condena por delito doloso.
- f) Por incumprimento grave das súas obrigacións. Neste caso a súa separación será acordada polo Goberno, logo da instrución do expediente polo titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, quen o porá en coñecemento das Cortes Xerais, e en que serán oídos os restantes membros do comité directivo.

7. O presidente terá a consideración de alto cargo, con rango de subsecretario.

8. O presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal comparecerá, ao menos anualmente, ante a comisión competente do Congreso dos Deputados e do Senado.

Artigo 25. *Funcións do presidente.*

O presidente exercerá con plena independencia e obxectividade, sen estar suxeito a instrución ningunha, as seguintes funcións na Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal:

- a) Desempeñar a súa representación legal.
- b) Dirixir e coordinar as actividades de todos os seus órganos directivos.
- c) Desempeñar a xefatura superior de todo o seu persoal.
- d) Dispor os gastos e ordenar os pagamentos.
- e) Celebrar os contratos e convenios.

Artigo 26. *Organización en divisións.*

1. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal organizarase en divisións.
2. Cada director de división será nomeado polo Consello de Ministros, por proposta do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, de acordo cos principios de mérito, capacidade e publicidade, entre aqueles que conten con experiencia de ao menos dez anos nas materias propias da división correspondente.
3. Os directores de división, ben que non terán a consideración de alto cargo, si terán a consideración de persoal directivo profesional de acordo co previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Artigo 27. *Comité Directivo.*

1. No exercicio das súas funcións o presidente é asistido polo Comité Directivo integrado polos directores de división.
2. Se o presidente así o considera, ao Comité poderán asistir expertos de recoñecido prestixio nacional ou internacional en función dos asuntos que se sometan.

Disposición adicional primeira. *Creación do Comité Técnico de Contas Nacionais.*

1. Para a valoración e imputación de operacións económicas efectuadas polas diferentes unidades do sector público, así como para a delimitación sectorial das citadas unidades, de acordo cos criterios establecidos no Sistema europeo de contas, créase o Comité Técnico de Contas Nacionais, integrado por representantes do Instituto Nacional de Estatística, do Banco de España e da Intervención Xeral da Administración do Estado, como órganos competentes na elaboración das contas nacionais das unidades que compoñen o sector das administracións públicas e das sociedades financeiras e non financeiras públicas.
2. O funcionamento e organización do citado comité regularanse mediante un regulamento de réxime interior que será aprobado polos órganos indicados e publicado no «Boletín Oficial del Estado» para xeral coñecemento.
3. O citado comité, no exercicio das súas funcións, poderá efectuar actuacións directamente encamiñadas á verificación e contraste da información subministrada polas unidades institucionais pertencentes aos subsectores de comunidades autónomas e corporacións locais, clasificadas de acordo cos criterios do Sistema europeo de contas.
4. Este comité facilitará para información os informes emitidos, se for o caso, no exercicio das súas funcións á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.
5. As institucións que configuran este comité manterán, en todo caso, a súa plena independencia profesional e autonomía funcional no exercicio das súas respectivas responsabilidades e competencias atribuídas na normativa europea e nacional.

Disposición adicional segunda. *Taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal e da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

Establécese a taxa de supervisión, análise, asesoramento e seguimento da política fiscal, que se estrutura segundo os seguintes elementos:

a) Fontes normativas. A taxa de análise, asesoramento e seguimento da política fiscal rexeráse pola presente lei e polas demais fontes normativas establecidas pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Feito impositivo. O feito impositivo da taxa será a prestación ás administracións públicas dos servizos a que se refire o capítulo II desta lei por parte da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

c) Contribuíntes. Son contribuíntes desta taxa o Estado, as comunidades autónomas, as cidades con estatuto de autonomía, as corporacións locais e o sistema da Seguridade Social, a través da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

d) Exención. Estarán exentas da taxa as entidades locais cuxa base impositiva sexa inferior á que se determine na Lei de orzamentos xerais do Estado.

e) Devindicación. A taxa devindicárase o día 1 de xaneiro de cada ano.

f) Base impositiva. A base impositiva estará constituída polo importe dos créditos iniciais para operacións non financeiras recollidas nos capítulos 1 a 7, ambos incluídos, do último orzamento aprobado do contribuínte.

No caso do Estado, teranse en conta os créditos iniciais non financeiros do Estado incluídos nos orzamentos xerais do Estado. Para a Seguridade Social tomaranse os créditos iniciais non financeiros do agregado do sistema da Seguridade Social. Para as comunidades autónomas consideráranse, para estes efectos, os créditos iniciais non financeiros da Administración xeral da comunidade autónoma. Para as entidades locais tomarase o importe dos créditos iniciais non financeiros do orzamento xeral da propia entidade local.

g) Tipo de gravame. O tipo de gravame aplicable fixárase na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014 como unha porcentaxe da base impositiva que permita manter o equilibrio financeiro das taxas e poderá ser modificado nestes mesmos termos na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

h) Xestión da taxa. A xestión da taxa corresponde á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. Os contribuíntes da taxa declararán, liquidarán e ingresarán a taxa que lles corresponda no modelo, lugar e prazos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas. A presentación e pagamento da taxa pódese establecer por medios telemáticos.

i) Afectación. O rendemento da taxa ingresarase nas contas bancarias habilitadas para o efecto pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, na forma que regulamentariamente se determine. O importe da taxa quedará afecto a financiar os gastos en que incorra a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal no exercicio das súas funcións.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Un. Modifícase o artigo 16, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Establecemento dos obxectivos individuais para as comunidades autónomas.*

Aprobados polo Goberno os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública nas condicións establecidas no artigo 15 desta lei, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, formulará unha proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para cada unha das comunidades autónomas.

A partir da mencionada proposta, o Goberno, logo de informe de Consello de Política Fiscal e Financeira que se deberá pronunciar no prazo improrrogable de quince días desde a recepción da proposta na Secretaría do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para cada unha delas.»

Dous. Modifícanse os números un e dous do artigo 17, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Antes do 15 de outubro a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal fará público, para xeral coñecemento, o informe elaborado sobre a adecuación aos obxectivos de estabilidade, de débeda, e á regra de gasto do proxecto de orzamentos xerais do Estado e da información a que se refire o artigo 27, que poderá incluír recomendacións en caso de se apreciar algunha desviación. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá formular as recomendacións adicionais que considere.

2. Antes do 1 de abril de cada ano, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal elevará ao Goberno un informe sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública nos orzamentos iniciais das administracións públicas. Igualmente, o informe recollerá o cumprimento da regra de gasto dos orzamentos da Administración central e das comunidades autónomas. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá formular as recomendacións que considere sobre o grao de cumprimento dos obxectivos.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 23, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os plans económico-financeiros e os plans de reequilibrio serán presentados, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, nos supostos en que resulte preceptivo, ante os órganos recollidos nos números seguintes no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento ou se aprecien as circunstancias previstas no artigo 11.3, respectivamente. Estes plans deberán ser aprobados polos ditos órganos no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder tres meses desde a constatación do incumprimento ou da apreciación das circunstancias previstas no artigo 11.3.

No cómputo do prazo máximo dun mes previsto anteriormente non se terá en conta o tempo transcorrido entre a solicitude e a emisión do informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.»

Disposición derradeira segunda. *Preceptos con carácter de lei ordinaria.*

Teñen o carácter de lei ordinaria os artigos 5.3, 5.5, 6, 9.2, 9.3 e 10, así como os números 2, 4 e 5 da disposición adicional primeira e a disposición adicional segunda.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

A presente lei orgánica apróbase en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución española.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. O Consello de Ministros aprobará, antes do 31 de decembro de 2013, un real decreto polo que se aprobe o Estatuto orgánico da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

2. Habílitase o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias e adoptar medidas necesarias para o desenvolvemento, a aplicación e a execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación ao dereito comunitario.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Disposición derradeira sexta. *Réximes forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e melloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto vasco.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 14 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY